



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables	Código	652G03022	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Cruz Lopez, Laura	Correo electrónico	laura.cruz@udc.es	
Profesorado	Cruz Lopez, Laura	Correo electrónico	laura.cruz@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A pobreza, a marxinação, a vulnerabilidade e a exclusión son aspectos inherentes aos modelos de organización política, económica e social contemporáneos. Estas realidades supoñen formas de vida singularizadas pola precariedade económica, a falta de oportunidades ou desigualdade no acceso a mellores condicións de vida ou ben a privación de dereitos, aspectos que dificultan a realización persoal e social.</p> <p>É unha finalidade da Educación Social visibilizar estas realidades, promover a toma de conciencia sobre o funcionamento da sociedade actual e actuar en consecuencia desde unha posición crítica, de forma que se desenvolvan procesos encamiñados á emancipación das persoas, ao seu fortalecemento como suxeitos de dereitos, á súa integración e participación social, así como á transformación das sociedades, para que se tornen máis xustas.</p> <p>Con esta idea, na materia de Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables, partiremos dun achegamento aos referentes teórico-conceptuais que permitan comprender e explicar as situacións de vulnerabilidade e exclusión social, contextualizadas no marco socioeconómico e político máis amplo, así como discernir os factores e as fases presentes nos procesos e traxectorias vitais que conducen a estas situacións.</p> <p>Así mesmo, é importante coñecer o marco legal e institucional que lexítima e (de)limita a intervención socioeducativa para a prevención, protección e inclusión de minorías e colectivos vulnerables. Achegarémonos a diferentes contextos e realidades de exclusión social e ás propostas socioeducativas, que, en forma de programas, proxectos, recursos, redes? tratan de promover a inclusión social. Unha aproximación que nos permita poñer en cuestión e valorar a súa pertinencia en termos pedagóxicos e sociais.</p> <p>Finalmente, interéсанos coñecer os roles e funcións que ocupa o/a educador/a social nos diferentes programas, recursos ou institucións.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe		
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación	
Coñecer e diferenciar entre conceptos afíns á exclusión social: pobreza, marxinação, desigualdade, vulnerabilidade, desadaptación...	A2	
	A3	
Identificar e analizar as relacións entre os sistemas político, económico, educativo e social, e os procesos de vulnerabilidade e exclusión social, nun marco de globalización neoliberal e crise do Estado de Benestar	A3	
	A5	
	A20	
Coñecer a analizar de forma crítica as causas, os significados, as manifestacións e os efectos da desigualdade	A1	
	A2	
	A5	
	A8	
	A20	



Discernir os compoñentes clave e fases polas que transcorre o proceso de exclusión social	A1 A2 A8		
Identificar e estudar as potencialidades, necesidades e factores de risco, así como as formas de intervención, desde unha perspectiva integral e complexa	A2 A5 A8 A14		
Deseñar, desenvolver e avaliar programas e proxectos de acción socioeducativa para a prevención e inclusión social, avaliando o ámbito sobre o que se actúa, priorizando necesidades ás que se pretende dar resposta, especificando os recursos e a proposta de avaliación, así como as bases teórico-metodolóxicas sobre as que se sustenta	A2 A9 A21		
Promover estratexias e accións de inclusión social desde o acompañamento socioeducativo, favorecedoras do empoderamento e a participación das persoas como suxeitos protagonistas do cambio	A2 A7 A9 A21		
Coñecer e aplicar dinámicas e técnicas que permitan problematizar e transformar a realidade desde a perspectiva das persoas protagonistas (teatro do oprimido)	A2 A7 A21		
Determinar e fundamentar as características, os factores influíntes, as posibilidades e limitacións da acción socioeducativa en contextos específicos de vulnerabilidade e exclusión social	A1 A2		
Deixarse afectar e transformar polo outro, desenvolvendo unha perspectiva empática e un compromiso ético coa función emancipadora da Educación Social	A2 A20		
Asumir o sentido da responsabilidade e implicación coa calidade da actuación, enmarcada nos principios deontolóxicos da profesión	A14 A20		
Esperar e desenvolver unha actitude autocrítica, de autorregulación da propia aprendizaxe, e de participación activa e responsable no proceso	A14		

Contidos	
Temas	Subtemas
Módulo 1: A exclusión social, o novo rostro da pobreza	1. Precisións terminolóxicas: pobreza, marxinación, exclusión, vulnerabilidade, desigualdade, minoría, integración. 2. Os procesos de exclusión e inclusión social: fases, dimensións de análise, ámbitos, factores e eixos da desigualdade.
Módulo 2: Dereito á inclusión social: políticas, medidas institucionais e movementos sociais	3. Estado de Benestar: dereitos e necesidades. 4. Globalización neoliberal e exclusión social: cuarto mundo. 5. Un outro mundo é posible: políticas, programas e movementos sociais de loita contra a exclusión.
Módulo 3: Prácticas socioeducativas de prevención e inclusión social: perspectivas e procesos metodolóxicos	6. Enfoques metodolóxicos inclusivos e transformadores: principios e directrices da acción socioeducativa. 7. Análise da realidade, deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de acción socioeducativa. 8. Técnicas e estratexias para a emancipación: Teatro do Oprimido. 9. O rol profesional na acción socioeducativa: ética e deontoloxía.
Módulo 4: Das realidades aos programas, proxectos e recursos de acción socioeducativa	10. Exclusión residencial: senfogarismo. 11. Acción socioeducativa con poboación reclusa. 12. Prostitución.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais



Actividades iniciais	2	0	2
Análise de fontes documentais	0	25	25
Sesión maxistral	8	0	8
Discusión dirixida	4	0	4
Simulación	4	50	54
Presentación oral	2	2	4
Estudo de casos	6	3	9
Seminario	4	0	4
Glosario	0	2	2
Obradoiro	3	1	4
Mesa redonda	2	1	3
Aprendizaxe colaborativa	2	0	2
Portafolios do alumno	1	5	6
Eventos científicos e/ou divulgativos	0	3	3
Saídas de campo	2	1	3
Proba de ensaio	0	15	15
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Destinadas a (re)coñecernos como protagonistas dos procesos de ensino e de aprendizaxe que se inician, a presentar e discutir as regras do xogo recollidas na guía docente, a identificar intereses e /ou motivacións do alumnado respecto dos obxectivos que se queren acadar, e a verbalizar preconceptos e saberes previos das alumnas e alumnos relacionados coa materia, dos que partir para favorecer aprendizaxes relevantes.
Análise de fontes documentais	Utilización de documentos relevantes textuais (artigos, libros, novas de prensa, poemas, textos lexislativos...) e audiovisuais (documentais, curtas, filmes, fotografías, viñetas...) que faciliten e amplíen a comprensión dos conceptos básicos da materia, e permitan a elaboración de pensamentos razoados acerca da intervención socioeducativa. Seguindo a Finkel (2008), trátase de deixar que fale os documentos, propoñendo actividades que permitan desentrañar o seu significado: mapas conceptuais, estudo de casos, recensións, diálogo reflexivo, seminarios, etc.
Sesión maxistral	Destinada á exposición oral por parte da docente na que achegar o saber científico e disciplinar imprescindible para a deconstrución e reconstrución crítica do coñecemento experiencial. Complementárase co uso de recursos pertinentes (textuais e/ou audiovisuais) e coa introdución de preguntas dirixidas ao alumnado para favorecer o diálogo reflexivo. A finalidade é promover unha aprendizaxe transformadora, potenciando a participación do alumnado na construción significativa do coñecemento.
Discusión dirixida	Fundaméntase na concepción da aprendizaxe como un proceso reflexo, dialóxico, un acto de (re)creación solidarizando a reflexión e a acción. En base á análise previa de fontes documentais, promóvese o debate e contraste de opinións fundamentadas, a través das que: identificar dificultades na comprensión; promover a dúbida e o conflito, poñendo en tea de xuízo as crenzas e interpretacións iniciais; provocar o pensamento diverxente e recoller diferentes argumentacións; favorecer a conexión con experiencias vitais; etc. Todo coa finalidade de que o alumnado tome conciencia de interpretacións alternativas da realidade socioeducativa, se emancipe dos preconceptos e ideas erróneas, e reconstrúa criticamente novas formas de pensar, sentir e actuar. Destinaranse á discusión dirixida tanto sesións expositivas como interactivas. Estas últimas organizaranse a modo de seminario aberto.



Simulación	<p>Práctica simulada de participación nunha convocatoria pública da Administración autonómica, na que se respectan as características formais e de contido, así como os requisitos habituais neste tipo de concursos. Ten como finalidade a inmersión nas competencias específicas da Educación Social relacionadas co deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de acción socioeducativa, así como co traballo en equipo, partindo dunha situación real o que entendemos supón un desafío motivador.</p> <p>Esta proposta didáctica esixe poñer en relación as bases teóricas e metodolóxicas da materia para resolver un problema práctico (neste caso a elaboración dun programa), permitindo ademais recuperar e actualizar moitos dos saberes e destrezas adquiridos ao longo do Grao.</p> <p>Dado a dimensión da proposta e a necesidade de promover unha aprendizaxe interdisciplinar, trátase dun traballo compartido coa materia Orientación Ocupacional, no que as docentes acompañarán aos grupos durante todo o proceso: asesorándoos tecnicamente, contribuíndo á autoorganización e autonomía, activando procesos reflexivos, problematizando decisións, incentivando argumentacións, reforzando as potencialidades, etc.</p> <p>O proceso está marcado polos seguintes momentos: publicación simulada da convocatoria; inscrición dos equipos no concurso; deseño e presentación en prazo e forma do programa; defensa dos programas; actuación da comisión avaliadora; e resolución motivada do concurso.</p>
Presentación oral	<p>Algunhas das actividades desenvolvidas tanto de xeito individual como grupal, serán expostas diante do grupo de referencia, procurando chegar a conclusións compartidas sobre o caso investigado, o documento ou experiencia analizada. Entre as actividades, o Programa de Acción Socioeducativa será presentado e defendido no grupo expositivo.</p> <p>Unha das finalidades da presentación oral é favorecer a coavaliación e autoavaliación a través da contrastación de diferentes formas de resolver as mesmas actividades, permitindo identificar dificultades e potencialidades nos propios traballos, así como autorregular a propia aprendizaxe.</p>
Estudo de casos	<p>Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica ou experiencia (presentada nun filme, curta, artigo...), sobre a que se formula un problema que ha de ser estudado, valorado e resolto á luz dos referentes teóricos e metodolóxicos da materia, por parte dun grupo de persoas a través dun proceso de discusión. Promove, polo tanto, a conexión entre o marco teórico e experiencias concretas de acción socioeducativa.</p> <p>A través desta metodoloxía promoverase o desenvolvemento das competencias, estratexias e técnicas relacionadas co deseño, implementación e avaliación de programas e proxectos, dende a análise da realidade, de necesidades, factores de risco e potencialidades. Neste sentido, constitúe unha fonte de coñecemento esencial para o deseño do Programa de Acción Socioeducativa, obxecto da convocatoria pública simulada.</p>
Seminario	<p>Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade a aprendizaxe relevante a través da indagación e reflexión conxunta sobre un tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e conclusións ás que ten que chegar todo o alumnado.</p> <p>Preténdese provocar a mobilización do coñecemento experiencial, o cuestionamento dos influxos recibidos, a potenciación do pensamento diverxente, así como o contraste das evidencias atopadas coa experiencia, coa finalidade de afondar na comprensión e (re)construción crítica das propias formas de pensar, sentir e actuar. Para isto, o alumnado deberá reflexionar sobre os documentos textuais ou audiovisuais que constitúen a base do seminario e formular as súas propias preguntas, ás que se tratará de dar resposta no transcurso do mesmo.</p>
Glosario	<p>Recurso que consiste na identificación, definición e contextualización dun conxunto de termos propios do ámbito conceptual da materia para facilitar a súa comprensión. Será construído de forma autónoma, ao longo do cuadrimestre, a través do Moodle.</p>
Obradoiro	<p>Proposta metodolóxica eminentemente práctica na que o alumnado se achegará ao coñecemento e aplicación de exercicios, xogos, técnicas e estratexias da metodoloxía do Teatro do Oprimido. Ten como finalidade promover desmexanización física e intelectual, estimulando a discusión e a problematización de situacións da vida cotiá, a reflexión crítica sobre as relacións de poder que caracterizan as interaccións humanas, e a definición conxunta e ?ensaio? de alternativas para a emancipación, sempre dende a perspectiva das propias persoas protagonistas.</p>
Mesa redonda	<p>Exposición compartida por parte dun grupo de persoas expertas nun tema, na que cada quen trasladará a súa visión e reflexión arredor de epígrafes comúns, moderadas por un/ha coordinador/a. Organizarase una mesa redonda de profesionais da Educación Social que desenvolvan o seu traballo con diferentes colectivos en situación ou risco de exclusión social, para abordar aspectos relacionados co perfil profesional (funcións, competencias, dilemas éticos...) e as posibilidades e limitacións da acción socioeducativa con colectivos vulnerables.</p>



Aprendizaxe colaborativa	Organización de sesións interactivas en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas pola docente para optimizar a súa propia aprendizaxe e a de outros membros do grupo a través da axuda mutua (Rompecabezas de Aronson, Phillip 66...). Búscase o intercambio de experiencias e coñecementos, a reflexión colectiva, e a teorización a partir do traballo grupal.
Portafolios do alumno	Memoria reflexiva e crítica de autoavaliación da aprendizaxe e das competencias desenvolvidas en relación aos obxectivos da materia e aos resultados de aprendizaxe. Implica responder ás preguntas: que aprendín? como o aprendín? que dificultades teño aínda por resolver? que estratexias podo desenvolver para superalas?...
Eventos científicos e/ou divulgativos	Actividades realizadas polo alumnado que implican la asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.), co obxectivo de afondar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Estas actividades proporcionan ao alumnado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo. Nas sesións expositivas e a través do Moodle poderase informar, tanto por parte da docente como do alumnado, de eventos de interese.
Saídas de campo	Actividade desenvolvida nun contexto externo ao entorno académico universitario relacionado co ámbito de estudo da materia. Céntrase no desenvolvemento de competencias relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, e a reflexión posterior que se poderá concretar nun traballo escrito. Planificarase unha visita a un centro, recurso ou servizo de intervención con algún colectivo en situación ou risco de exclusión social.
Proba de ensaio	Esta proba busca responder a preguntas de certa amplitude valorando as seguintes capacidades: razoamento (argumentar, establecer sinerxías, etc.), síntese, creatividade e orixinalidade, espírito crítico, precisión conceptual e redacción. Implica, polo tanto, un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións. A proba contemplará catro preguntas a desenvolver.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba de ensaio Portafolios do alumno Presentación oral Simulación	Para o desenvolvemento do Programa de Acción Socioeducativa baseado nunha convocatoria pública simulada, así como para a súa presentación e defensa oral, será preciso acudir, como mínimo, a dúas sesións de tutoría, nas que facer o seguimento por parte da docente. Estas sesións serán indicadas na aula.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba de ensaio	Esta proba busca responder a preguntas de certa amplitude valorando as seguintes capacidades: razoamento (argumentar, establecer sinerxías, etc.), síntese, creatividade e orixinalidade, espírito crítico e redacción. Implica, polo tanto, un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións. A proba contemplará catro preguntas a desenvolver.	40
Portafolios do alumno	Valorarase a capacidade reflexiva en relación á propia aprendizaxe, a capacidade de recoñecer as propias dificultades así como de propoñer estratexias para superalas; a capacidade para establecer sinerxías; o tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar e a presentación.	10
Presentación oral	A presentación e defensa do Programa de Acción Socioeducativa será avaliado pola docente (heteroavaliación), polo grupo aula (coavaliación), e polo propio grupo (autoavaliación), atendendo aos criterios que se establezan conxuntamente. Entre eles: a orde na exposición; a claridade e corrección lingüística; a capacidade de síntese das ideas fundamentais; a coherencia no discurso, a linguaxe non verbal e utilización do espazo; a creatividade (presentación suxestiva, motivadora, dinamizadora da participación das/os compañeiros/as...); e o uso de recursos. A valoración do traballo presentado terá carácter grupal. Será por elo preciso que cada grupo estableza unhas normas de autorregulamento mínimas que faciliten a dinámica de traballo.	10



Simulación	Avaliarase segundo os criterios indicados na convocatoria pública simulada. Ademais, valorarase: o afondamento nos contidos; a capacidade para establecer sinerxías; o tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar; a utilización de fontes documentais complementarias e actuais; aspectos formais relativos á calidade da presentación.	40
------------	--	----

Observacións avaliación

1.- A asistencia e participación nas sesións de aula e actividades prácticas sinaladas considéranse obrigatorias nunha universidade presencial como é a Universidade da Coruña. Aquelas alumnas e alumnos que, por razóns debidamente acreditadas (de saúde ou laborais), non podan ter unha asistencia sistemática (por encima do 85%), poderán optar a unha modalidade de avaliación específica, sempre que o comuniquen á docente en horario de titorías para a súa oportuna e axeitada consideración. Nestes casos, establécense as seguintes actividades de avaliación: Ensaio reflexivo (20%); Proba de ensaio (40%); Estudo de caso (40%). As pautas e criterios de avaliación están recollidas no documento de avaliación colgado no Moodle.

2.- O cómputo global da nota final require que a proba de ensaio e a simulación (ou estudo de caso) obteñan unha cualificación de aprobado (5). En caso contrario, só figurará na cualificación final a correspondente ao exame. As actividades superadas só se gardarán durante a convocatoria anual.

3.- Todos os traballos presentaranse en formato impreso (a dúas caras) e dixital (PDF) a través do Moodle. Non se aceptará ningún traballo do que a docente non teña constancia da súa realización.

Fontes de información

Bibliografía básica
Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Orientación ocupacional/652G03021

Materias que continúan o temario

Deseño e desenvolvemento da acción socioeducativa/652G03002

Socioloxía/652G03005

Pedagogía social/652G03006

Xénero, igualdade e educación/652G03007

Educación multicultural/652G03013

Intervención en contextos familiares de risco/652G03015

Servizos sociais e benestar social/652G03014

Educación de menores en desprotección e conflito social/652G03016

Educación de persoas adultas e maiores/652G03018

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías